




INSTRUCCIÓN PARA A ADMINISTRACIÓN DE HEPARINA EN CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA

QUE É A HEPARINA?

A HEPARINA é un medicamento anticoagulante que se emprega en Traumatoloxía para PREVIR a trombose venosa.


A TROMBOSE VENOSA é a formación dun coágulo que taponaa circulación sanguínea.

En Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía existe un RISCO AUMENTADO de trombose debido á INMOBILIZACIÓN dos membros ó aplicar un XESO ou tras unha INTERVENCIÓN CIRÚRXICA.



QUE DEBO SABER?

- A xiringa XA ESTÁ PREPARADA para usar.
- NON debe extraer a burbulla de aire, se a ten.
- NON debe masaxear a zona logo de picar. Isto pode provocar un HEMATOMA.
- Administre o tratamento SEMPRE Á MESMA HORA.
- As ZONAS DE INXECCIÓN son a ambos os lados do abdome, alternando cada día o lado de punción.



COMO DEBO PICARME?



1º

1. LAVE AS MANS con auga e xabón



2º

SENTE ou déitese cara arriba



3º

DESINFECTE a zona con alcohol




4º

Retire o TAPÓN da xiringa



5º

Colla un ANACO DE PEL entre os dedos



6º

Pique PERPENDICULAR á pel



7º

Inxecte o medicamento LENTAMENTE



8º

Presione 1 minuto SEN MASAXEAR



9º

O día seguinte cambie de lado

Pode encontrar e ampliar máis información na web www.ferrol.sergas.gal

